



Área / Unidad COMERCIO BBG	Documento 5101AI00GQ	
Código de verificación 	Expediente 510/2026/41	
0G09 706D 544N 4J6C 0205	Fecha 14-07-2026	

RESOLUCIÓN

Á vista do informe-proposta precedente emitido pola xefa do Servizo de Emprego e Empresa, coa conformidade do director da Área de Emprego, Comercio e Mercados, e facendo uso das competencias que me confire a delegación da Xunta de Goberno Local de data 04.07.2024 (BOP nº 129 do 05.07.2024) e consonte ao Decreto da Alcaldía 3531/2024 de data 19.06.2024 (BOP nº 122 do 26.06.2024) que establece as áreas de xestión da organización municipal,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a modificación da convocatoria de subvencións dirixidas á realización de actividades de dinamización do comercio local e dos mercados de abastos no municipio da Coruña durante o ano 2026, mediante a nova redacción dos artigos 7, 14 e 16, nos termos seguintes:

Artigo 7. Entidades beneficiarias, requisitos e obrigas

Onde dicía:

Poderán concorrer a esta convocatoria todas aquelas asociacións de comerciantes e/ou empresarios directamente relacionadas cos sectores do comercio e dos mercados de abastos, sen ánimo de lucro, con ámbito de actuación no Concello da Coruña, que cumpran os requisitos que se relacionan a continuación:

- *Estar legalmente constituídas como tales, sen ánimo de lucro, e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións da Coruña (REMAC), con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes.*

Pasa a ter a seguinte redacción :

Poderán concorrer a esta convocatoria todas aquelas asociacións de comerciantes e/ou empresarios directamente relacionadas cos sectores do comercio e dos mercados de abastos, sen ánimo de lucro, con ámbito de actuación no Concello da Coruña, que cumpran os requisitos que se relacionan a continuación:

- *Estar legalmente constituídas como asociacións de comerciantes e/ou empresarios, sen ánimo de lucro, con estatutos que recollan exclusivamente fins de natureza comercial ou relacionados co apoio e a dinamización do comercio, e inscritas, cunha antigüidade mínima dun ano, no Rexistro Municipal de Asociacións da Coruña (REMAC), con anterioridade á finalización do prazo de presentación de solicitudes.*



Este requisito responde á necesidade de garantir unha traxectoria mínima de actividade, experiencia e capacidade de xestión das entidades beneficiarias para o adecuado desenvolvemento das actuacións subvencionadas.

Artigo 14. Importe máximo da subvención e limitación do número de solicitudes

Onde dicía:

A subvención poderá financiar ata o 100 % do orzamento subvencionable do proxecto presentado, cun importe máximo de 6.000,00 € por entidade.

Pasa a ter a seguinte redacción :

A subvención poderá financiar ata o 100 % do orzamento subvencionable do proxecto presentado, cun importe máximo de 10.000,00 € por entidade.

Artigo 16. Solicitudes e documentación

Onde dicía:

- Certificado expedido pola secretaría da entidade, co visto e praxe da presidencia, no que se fagan constar os seguintes extremos (segundo o modelo):

- *Acordo adoptado polo órgano competente da entidade aprobando a solicitude da subvención.*
- *Número de persoas/comercios asociados activos da entidade.*
- *Compromiso expreso de facer constar a colaboración do Concello da Coruña en todas as accións, soportes e materiais de publicidade, comunicación e difusión relacionados coas actividades subvencionadas.*
- *Compromiso de obter, con carácter previo ao desenvolvemento das actividades, todas as licenzas, autorizacións, permisos e demais requisitos administrativos que resulten preceptivos conforme á normativa vixente.*

Pasa a ter a seguinte redacción :

- Certificado expedido pola secretaría da entidade, co visto e praxe da presidencia, no que se fagan constar os seguintes extremos (segundo o modelo):

- *Acordo adoptado polo órgano competente da entidade aprobando a solicitude da subvención.*
- *Número de comercios e/ou empresas asociadas activas da entidade.*
- *Compromiso expreso de facer constar a colaboración do Concello da Coruña en todas as accións, soportes e materiais de publicidade, comunicación e difusión relacionados coas actividades subvencionadas.*
- *Compromiso de obter, con carácter previo ao desenvolvemento das actividades, todas as licenzas, autorizacións, permisos e demais requisitos administrativos que resulten preceptivos conforme á normativa vixente.*



Segundo.- Aprobar o texto refundido que integra as modificacións das bases reguladoras e convocatoria de subvencións destinadas á promoción e dinamización do comercio local e dos mercados de abastos no municipio da Coruña durante o exercicio 2026, indicadas no punto primeiro da presente resolución, que se incorporan ao expediente co número 5101AI00GK (galego) e 5101AI00GJ (castelán), autorizar a realización de todos os trámites necesarios e dispoñer a publicación do dito texto refundido nos correspondentes diarios oficiais e demais medios requiridos pola lexislación vixente, publicación que dará inicio ao cómputo do prazo de 15 días hábiles para presentar as solicitudes.

A Coruña, na data da sinatura electrónica que consta no presente documento.

P.D. Xunta de Goberno Local

A Concelleira responsable da área de Emprego, Comercio e Mercados

(P.A. O Concelleiro de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica, *Decreto DEC/AYT/94/2026*)